



Concello de Portas

Oficina técnica municipal

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Procedemento	Contratacións
Expediente	504/2024
Asunto	Informe de non división en lotes do obxecto do contrato
Actuación	Mellora de camiño de Porta do Conde a Outeiriño
Solicitante	Concello de Portas
Situación	Lg. Porta do Conde e Outeiriño. Portas e Briallós

En relación ao expediente de contrato de Obras, incluídas no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024 - 2025, denominada «**Mellora de camiño de Porta do Conde a Outeiriño**» sita nos lugares de Porta do Conde e Outeiriño, das parroquias de Portas e Briallós, respectivamente, e unha vez examinado o expediente, a técnico que subscribe emite o seguinte

PRIMERO. En base ao disposto no artigo 99.3 de a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), este Servizo considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

Non se prevé a división do contrato en lotes, por tratarse dunha obra completa e susceptible de utilización independente, de conformidade co artigo 13.3 da LCSP.

a) Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

b) Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a eficiencia.

En conclusión: Non se prevé a división do contrato en lotes debido ás características da propia obra. O contrato consta dunha única obra completa que debe ser executada na súa totalidade nun mesmo espazo físico reducido e dentro dun mesmo periodo de execución, de maneira que deben realizarse simultaneamente as distintas partidas ou capítulos reflectidos no Proxecto, polo que se require de coordinación na execución dos distintos traballos, o que se vería dificultado se a mesma se encomendara a distintos contratistas, ademais da dificultade que conlevaría a necesaria coordinación da seguridade e saúde no traballo.





**Concello de
Portas**

Oficina técnica municipal

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

SEGUNDO. Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación.

TERCEIRO. Coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense os principios de igualdade e non discriminación establecidos na normativa de contratación.

CUARTO. Que por parte do órgano de contratación emítase resolución sobre a procedencia da non división en lotes do obxecto do contrato.

No lugar e data da sinatura dixital
A ARQUITECTA MUNICIPAL
Carolina Couselo Fariña

